

Para facer efectivos os dereitos das persoas con discapacidade e así, promocionar a súa autonomía persoal, existen unha serie de canais nos que se poden comunicar suxestións ou queixas para a mellora do funcionamento dos servizos prestados polo sector público, co fin de promover o cambio social.

É importante tamén **coñecer o Servizo de Asistencia Xurídica Gratuíta**

ANTE A XUNTA DE GALICIA, AS QUEIXAS PODEN PRESENTARSE A TRAVÉS DE:

- **Ámbito sanitario:**

<https://www.sergas.es/A-nosa-organizacion/Consultas-reclamacions-suxestions>

- **Ámbito xudicial:**

<https://www.poderjudicial.es/cgpj/es/Servicios/Atencion-Ciudadana/Quejas-y-reclamaciones/Informacion-basica-de-quejas-y-reclamaciones/>

- **Ámbito educativo:** Acudir á Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, a través do formulario xeral: PR004A

<https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=PR004A>

- **En materia de consumo:** O procedemento identifícase co código CO401A a través do formulario <https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=CO401A>

VALEDORA DO POBO

<https://www.valedordopobo.gal/>

- Enlace para presentar queixas a través de Internet, pero tamén pode utilizar outros medios (correo electrónico, cita presencial, carta, etc.):

<https://www.valedordopobo.gal/presentar-unha-queixa/>

Valedor do Pobo.

Rúa do Hórreo 65. 15700 Santiago de Compostela.

Teléfono 981569740 Correo electrónico: rexistro@valedordopobo.gal

COMISIÓN TÉCNICA DE ACCESIBILIDADE DA XUNTA DE GALICIA

Para inicio e tramitación dun expediente sancionador e/ou busca de asesoramento técnico na materia de accesibilidade.

- Información sobre este órgano: <https://politicassocial.xunta.gal/es/temas/discapacidad/accesibilidad>

Contacto:

Comisión Técnica de Accesibilidade Xunta de Galicia

Edificio Administrativo San Caetano, s/n 15781 Santiago de Compostela (A Coruña)

Correo electrónico: comisionaccesibilidad.politicassocial@xunta.es

OFICINAS DE ATENCIÓN ÁS QUEIXAS E RECLAMACIÓNS DE CADA CONCELLO.

- Consultar a sede electrónica do Concello de referencia

OFICINA DE ATENCIÓN Á DISCAPACIDADE (OADIS)

- Con isto conseguimos que se analice a queixa / denuncia presentada. Información sobre esta oficina: <https://www.rpdiscapacidad.gob.es/organismos/oadis.htm>
- Enlace á presentación de consultas, queixas ou denuncias: <https://www.rpdiscapacidad.gob.es/rpd/formularioCDQ.htm?tipo=0>

Paseo del Prado 18-20

28071 MADRID

Teléfonos: 91 822 65 12 - 91 822 65 13 - 91 822 65 23

Correo electrónico: oadis@oadis.es

Nota: Sendo unha persoa física non hai obriga a relacionarse coa Administración telematicamente pero aconsellamos que os escritos se presenten por Rexistros públicos, ademais dos enlaces e direccións que facilitamos, e/ou sedes electrónicas.

Existen ferramentas tecnolóxicas que nos facilitan a comunicación de incidencias en materia de accesibilidade, que posteriormente se comunican por parte das entidades responsables da aplicación.

ACCESIBILIDADAPP de COCEMFE

“AccesibilidApp” é unha plataforma de comunicación de incidencias de accesibilidade entre a cidadanía e as entidades responsables da súa xestión e mantemento, promovida por **COCEMFE**. Esta plataforma promove a participación, a comunicación áxil e a xestión eficiente entre os diferentes axentes implicados na mellora da accesibilidade e a mobilidade das persoas con discapacidade. Naqueles municipios en que non exista convenio de colaboración cos seus concellos ou outros organismos supraterritoriais, COCEMFE e as súas entidades realizarán accións de comunicación e intermediación con estes. No caso en que a comunicación se deba realizar con “Outras Entidades” coas que non exista convenio de colaboración, COCEMFE e as súas entidades realizarán tamén as accións de comunicación e intermediación con estas.



¿CÓMO FUNCIONA?

01 REXÍSTRATE

- Crea a conta, recheando os datos e indicando a contrasinal.
- Valida e confirma a conta, aceptando a política de privacidade.

02 COMUNICA A INCIDENCIA


- Localiza a incidencia.
- Escolle unha categoría.
- Selecciona a súa tipoloxía.
- Sube unha imaxe.
- Escribe observacións.

03 ENVÍA A

- Comproba que todos os datos son correctos e envía a incidencia

04 COMPROBA A SÚA EVOLUCIÓN

- Recibirás información sobre os cambios de estado.



Disponible en
Google Store



Disponible en
Apple Store

